

Avaliación de pendentes

Realizarase unha **proba escrita** nos diferentes periodos marcados polo centro ao longo do ano.

- Do 15 ao 19 de xaneiro
- Do 15 ao 19 de abril
- Do 20 ao 24 de maio

A proba escrita constará de **tres partes**: unha inicial de **comprensión e expresión**; unha segunda de **literatura** e unha final de **gramática**. Este exame contará un 70% da nota.

O outro 30% corresponderá a unha **exposición oral sobre un libro de lectura** marcado pola profesora ou profesor que imparte a materia no curso actual da alumna/o. A lectura será **adaptada** ao **nivel** e **intereses** da alumna/o. A exposición terá unha duración de **cinco minutos** e nela avaliarase tanto a expresión oral como o nivel de comprensión e reflexión sobre o libro de lectura.

Para acadar a nota mínima para o aprobado, 5, **a alumna/o terá que realizar ambas as probas**, non podendo aprobar a materia pendente se non se presenta a unha das dúas partes.

Todas as convocatorias serán **probos finais**, é dicir, quen aprobar a materia nunha delas terá a materia superada na súa totalidade, non tendo que se presentar de novo na convocatoria seguinte.

Se unha alumna ou alumno **supera a materia de Lingua Castelá e Literatura do curso actual en xuño**, darase a **materia pendente por recuperada automaticamente**, entendéndose que as competencias xa foron adquiridas. Porén, o alumnado de 4º coa materia pendente de 3º, deberá recuperar a parte de literatura correspondente.